

PROCEDIMENTO INSCRICIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2025/2026

Desde as Concellarías de Deportes e Educación comunicamos que o procedemento de inscrición no Programa de Actividades Extraescolares para o vindeiro curso 2025/2026 será o seguinte:

FASE	Prazo	Lugar	Horario
Renovación	16 - 27 xuño	No Servizos de Educación e Deportes educacion@arteixo.org deportes@arteixo.org	09.00 - 14.00 h
Publicación prazas vacantes	8 de xullo	www.arteixo.org	
Solicitude prazas vacantes (preinscrición)	14 - 24 de xullo	Nos Servizos de Deportes ou Educación deportes@arteixo.org educacion@arteixo.org	09.00 - 14.00 h
Exposición de persoas preinscritis	1 de agosto	www.arteixo.org	
Prazo subsanación erros	4-8 agosto		
Publicación listaxe definitiva de persoas preinscritis	11 de agosto	www.arteixo.org	
Sorteo público	12 de agosto	Pazo dos Deportes	11.00 h
Exposición listaxe de persoas admitidas	14 de agosto	www.arteixo.org	
Matrícula	18 - 28 de agosto	No Servizo Municipal de Deportes e Educación	09.00 - 14.00 h
Inscrición libre	A partir do 8 de setembro	No Servizo Municipal de Deportes e Educación	09.00 - 14.00 h

Renovación de prazas

Aquelas persoas que xa estiveron inscritas no Programa de Actividades Extraescolares no curso 2025/2026, poderán renovar a praza no correspondente grupo.

Prazo: Do 16 ao 27 de xuño, entregando o xustificante de pago antes das 14.00 h do 27 de xuño.

○ **Lugar:**

- Nas oficinas do Servizo Municipal de Educación ou Deportes, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas)
- Solicitándoo a través do correo electrónico educacion@arteixo.org ou deportes@arteixo.org, indicando nome, apelidos, dni e grupo no que se atopa inscrito e solicita a renovación.

Segundo o artigo 8 da ordenanza nº 34 "prezo público pola prestación de servizos socioculturais, educativos, deportivos, recreativos e outros análogos"

ARTIGO 8. Normas de xestión. 1. A non asistencia ás actividades contempladas nesta ordenanza non xerará ao obrigado ao pagamento, dereito de devolución dos prezos abonados, agás que se produza algunha das seguintes situacións:

- a) Que a actividade, obradoiro ou taller, tivera alteracións na súa organización, por causas imputábeis a Administración.
b) Que a actividade, obradoiro ou taller non chegara a desenvolverse por causas imputábeis a esta Administración.

Novas inscricións

- **Publicación prazas vacantes:** 8 de xullo na páxina web municipal.
- **Prazo de preinscrición:** do 14 ao 24 de xullo
 - O impreso de preinscrición poderase recoller nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes ou Educación; ou descargalo na páxina web municipal www.arteixo.org. Deberase entregar nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes ou Educación, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas). Do mesmo xeito poderase enviar á dirección deportes@arteixo.org e educacion@arteixo.org.
 - No caso que o número de solicitudes supere ao das prazas ofertadas, terá lugar un sorteo público procedéndose á asignación de prazas a partir da primeira letra do primeiro apelido, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Arteixo.

- **Exposición de persoas preinscritis:** A partir do 1 de agosto na páxina web municipal.
- **Prazo subsanación erros:** 4 - 8 de agosto na páxina web municipal.
- **Publicación listaxe definitiva de persoas preinscritis:** 11 de agosto na páxina web municipal.
- **Sorteo público:** 12 de agosto ás 11:00 h no Pazo dos Deportes de Arteixo
- **Exposición da listaxe de persoas admitidas:** A partir do 14 de agosto na páxina web municipal
- **Prazo de matrícula:** As persoas admitidas terán un prazo (18 ao 28 de agosto) para formalizar a matrícula de cada actividade, debendo entregar o xustificante de pagamento, exclusivamente no Servizo Municipal de Deportes ou Educación. No caso contrario, procederase á anulación da praza.
- De quedaren prazas libres, seguirán facéndose inscricións a partir do 8 de setembro.
- Lembremos que o calendario de actividades rexerase co establecido pola Consellería de Educación, coas vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa.
- Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través do TPV virtual na páxina web municipal (<http://www.arteixoo.org/servizos/pagos-online>).

Outras consideracións

- **Comezo das actividades:** Primeiro día lectivo do curso para o alumnado que teña formalizada a inscrición.
- **Inscricións**
 - Actividades deportivas: Servizo Municipal de Deportes (Complejo Deportivo Municipal de Arteixo) de luns a venres de 09.00 a 14.00 h. Teléfono: 981659131 e 981659132
 - Actividades educativas: Departamento de Educación (Av dos Bosques 16), de luns a venres de 09.00 a 14.00 h. Teléfono: 981659121 e 981659122.
- **Número de prazas limitadas.** Precísase un número mínimo de participantes para levar a cabo a actividade
- **Servizos complementarios.** Ocioteca: dirixida só para o alumnado que empregue regularmente o servizo de comedor ou transporte escolar e asista a algunha actividade extraescolar o día no que solicita a inscrición na ocioteca. É obrigatorio facer unha inscrición previa.
- **Prezo Público e forma de pago:** determinado pola ordenanza fiscal número 34 ou normativa que a substitúa.
- **Formas de pago:**
 - Abonar o importe xunto coa inscrición.

Importante: en aplicación das normativas dos centros, queda terminantemente prohibida a permanencia no recinto escolar das persoas acompañantes do alumnado que asiste ás actividades extraescolares.

Prezo público:

Actividades extraescolares nos centros escolares			
2.2.1		Actividades deportivas extraescolares (dúas horas semanais) por curso	
	2.2.1.1	Unha actividade	50 €
	2.2.1.2	Dúas actividades	75 €
	2.2.1.3	Tres actividades	110 €
	2.2.1.4	Catro actividades	125 €
2.2.2		Actividades Educativas Extraescolares por curso	
	2.2.2.1	Actividades 1 hora semanal	25 €
	2.2.2.2	Actividades 2 horas semanais	38 €
	2.2.2.3	Actividades 3 horas semanais	55 €
	2.2.2.4	Actividades 4 horas semanais	65 €
	2.2.2.5	Actividades 5 horas semanais	80 €
	2.2.2.6	Actividades 6 horas semanais	110 €
	2.2.2.7	Actividades 7 horas semanais	120 €
	2.2.2.8	Actividades 8 horas semanais	125 €

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2025 / 2026 PARA O ALUMNADO DA EEI LARÍN

APELIDO 1		APELIDO 2	
NOME	HOME ☐ MULLER ☐	D.N.I.	DATA DE NACEMENTO:
CENTRO ESCOLAR NO QUE ESTÁ MATRICULADO/A O/A ALUMNO/A:			CURSO:
CONCELLO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	TELEFONO FIXO	MÓBIL	
NECESIDADES ESPECIAIS OU ALERXIAS:			
Nome e Apelidos do pai/nai ou titor/a legal			D.N.I./N.I.E

Solicita a inscrición na seguintes actividades extraescolares:

1ª	5ª
2ª	6ª
3ª	7ª
4ª	8ª

Bases e requisitos:

- Haberá que inscribirse obrigatoriamente nos Departamentos de Educación e Deportes antes de aboar a prezo público. A continuación deberá entregar o comprobante de pago nos Departamentos de Educación ou Deportes en horario de luns a venres de 09.00 a 14.00 h.
- A persoa asinante declara ser certos os datos achegados. No caso de que o Concello detecte falsidade en devanditos datos, o alumno causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución dos prezos públicos abonados.
- O Concello de Arteixo, resérvase o dereito a efectuar as modificacións das instalacións, horarios, profesorado, cambios de grupo, etc. que se consideren necesarias.
- O/a alumno/a, e no seu caso o seu titor/a fai constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva ou educativa, tendo realizado o oportuno recoñecemento médico.
- A persoa asinante é coñecedora da obriga de non permanecer nas instalacións do centro no horario de desenvolvemento das actividades extraescolares.
- O calendario de actividades será o establecido pola Consellería de Educación, coas vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa.
- INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS - ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA E DEPORTES
De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA).
1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado
USO DE FOTOGRAFÍAS: con fin de promocionar as actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías no noso Facebook e web municipal. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:
☐ Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través da rede social e páxina web mencionada
☐ Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías a través da rede social e páxina web mencionada
PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.
2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular
3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: CONCELLO DE ARTEIXO cederá os seus datos de carácter persoal á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou
4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.
O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade
- Ademais do titor asinante, as persoas autorizadas a recoller o/a menor son:

Nome _____ DNI _____

Nome _____ DNI _____

Asdo. Arteixo, de de 2025

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES QUE SE VAN LEVAR A CABO NA EEI LARÍN

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 a 17:00	IDIOMA	XOGOS PSICOMOTRICES	HABILIDADES SOCIAIS	XOGOS PSICOMOTRICES	INTELIXENCIA EMOCIONAL
			BAILE GALEGO E PANDEIRETA		TALLER CIENCIA- INVESTIGAMOS
17:00 a 18:00	MÚSICA	XOGANDO	COCIÑA DIVERTIDA	TALLER DE ARTE	BAILE MODERNO